



## MAPA DE APOIOS INEGA-INDUSTRIA 2023



XUNTA  
DE GALICIA

INEGA NOVAS A ENERXÍA EN GALICIA EFICIENCIA ENERXÉTICA ENERXÍAS RENOVABLES **SUBVENCIÓNS** INFORMACIÓN PUBLICACIÓN

Inicio ▶ Subvencións ▶ Subvencións ▶ Aforro e Eficiencia Enerxética ▶ Convocatoria 2023

Buscar...

### Subvencións

#### Aforro e Eficiencia Enerxética

- Convocatoria 2019
- Convocatoria 2020
- Convocatoria 2021
- Convocatoria 2022
- Convocatoria 2023**
- Enerxías Renovables



### PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS AÑO 2023

**Prazo solicitude de adhesión de entidades colaboradoras:** desde as 9:00 h do 18 de xaneiro de 2023 ao 30 de xuño de 2023 (artigo 4.4).

**Inicio prazo de solicitude axudas:** 9:00 h do 8 de febreiro de 2023 (artigo 4.5).

**Finalización prazo de solicitude:** 30 de setembro de 2023 ou ata esgotar fondos.

A continuación, descríbense brevemente as características principais desta liña de axudas en réxime de concorrencia non competitiva, aínda que a información que se considerará oficial para todos os efectos será a **Resolución do 12 de decembro de 2022 da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2023 (códigos de procedemento IN414B, IN414C) (DOG de 17 de xaneiro do 2023).**

### Conceptos obxecto da subvención

As actuacións que se subvencionan son a renovación de electrodomésticos en vivendas sitas na Comunidade autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos.

Son subvencionables a renovación de electrodomésticos das tipoloxías indicadas na seguinte táboa, por outros novos da mesma tipoloxía e con etiqueta de clasificación enerxética establecidos na mesma táboa, segundo a clasificación vixente a partir de marzo de 2021 (Regulamento (UE) 2017/1369 do Parlamento Europeo e do Consello). No caso das encimeras, é subvencionable a substitución da encimera preexistente de calquera tecnoloxía por outra nova de indución total (placas que teñan soamente tecnoloxía de indución, non mixtas). Para acceder á subvención hai que entregar o electrodoméstico retirado a un xestor autorizado.

#### Electrodomésticos subvencionables

Frigorífico e frigorífico - conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D
Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D
Lavadora A, B ou C
Lavalouza A, B ou C
Encimeras de indución total (soamente tecnoloxía de indución, non mixtas)

### Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas que realicen algunha das actuacións subvencionables nunha vivenda sita na Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren no listado que se publique na páxina web do Inega, [www.inega.gal](http://www.inega.gal).

### Período de actuacións obxecto da subvención

A adquisición e instalación dos equipos debe realizarse con posterioridade a entrada en vigor do presente Plan. A data límite para executar o proxecto e presentar a solicitude de pagamento ca documentación xustificativa dos investimentos é de 60 días naturais contados desde o día seguinte á presentación da solicitude coa data límite do 30 de setembro de 2022.

### Contía da axuda

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50% para consumidores vulnerables e do 75% para consumidores vulnerables severos.

Considéranse consumidores vulnerables e vulnerables severos os que cumpran os requisitos establecidos no Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable. O bono social eléctrico establece un desconto do 25% para consumidores vulnerables (transitoriamente do 65% e do 40 % para vulnerables temporais) e do 40 % (transitoriamente do 80%) para consumidores vulnerables severos, o que deberá acreditarse mediante a presentación dunha factura de enerxía eléctrica cunha antigüidade máxima de 3 meses. O beneficiario só poderá beneficiarse da axuda correspondente a consumidor vulnerable ou vulnerable severo na vivenda que figure na factura de electricidade con aplicación do bono social.

Na seguinte táboa establecece a axuda máxima por electrodoméstico en función da súa tipoloxía.

Electrodomésticos subvencionables	Axuda máxima (€/electrodoméstico)		
	Consumidor Xeral	Consumidor Vulnerable	Consumidor Vulnerable Severo
Frigorífico e frigorífico - conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D			

Lavadora A, B ou C	100	200	300
Lavalouza A, B ou C			
Encimera de indución total (soamente tecnoloxía de indución)	100	200	300

Un beneficiario só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada unha das tipoloxías de equipos incluídos e cun máximo de tres electrodomésticos por beneficiario.

### Solicitud de adhesión de entidades colaboradoras

**O prazo de solicitude de adhesión de entidades colaboradoras é dende o 18 de xaneiro de 2023 ata o 30 de xuño de 2023 (artigo 4.4).**

Poderán ser entidades colaboradoras todos aqueles establecementos comerciais que se dediquen de forma total ou parcial á venda de electrodomésticos e, particularmente, aqueles cuxa actividade se enmarque nun ou varios dos epígrafes seguintes correspondentes ás tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro:

- Epígrafe 653.2.- 2 Comercio polo miúdo de material e aparatos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos
- Epígrafe 661.1.- Comercio en grandes almacenes,
- Epígrafe 661.2.- Comercio en hipermercados,
- Epígrafe 662.1.- Comercio polo miúdo de toda clase de artigos en economatos e cooperativas de consumo.
- Epígrafe 662.2.- Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, en establecementos distintos dos especificados no Grupo 661 e no epígrafe 662.1.

### Proceso de solicitude de adhesión das entidades colaboradoras

a.- A primeira vez que a entidade colaboradora acceda á aplicación asignaráselle un usuario e un contrasinal. Este usuario e contrasinal serán os válidos para consultar o estado da solicitude de adhesión, para cubrir as solicitudes de axuda e para ver o seu estado. Para adhesións simplificadas deberá utilizar o mesmo usuario e contrasinal que na convocatoria do ano 2022.

b.- A entidade colaboradora deberá acceder á aplicación informática dispoñible na páxina web do Inega (<https://www.inega.gal>) ou accesible dende a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) para cubrir a solicitude de adhesión (Anexo II) e o Convenio de colaboración (Anexo III).

Unha vez xerada a solicitude normalizada deberá presentala por vía electrónica.

**Se a documentación presentada está completa, formalizarase a adhesión da entidade colaboradora. No caso de detectarse algunha deficiencia, procederase ao envío dun requirimento de emenda, suspendéndose a formalización da adhesión da entidade colaboradora ata que complete a totalidade da documentación.**

### Prazo para a presentación da solicitude de axuda

O prazo de presentación de solicitudes comeza **ás 9:00 h do día 8 de febreiro do 2023** e finaliza o 30 de setembro de 2023.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, asignando os fondos por orde de entrada no rexistro.

### Procedemento presentación de solicitudes de axuda

Só poderán presentar solicitudes as entidades colaboradoras adheridas. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible dende a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, <https://www.inega.gal>.

Para poder presentar a solicitude deberase achegar, conxuntamente coa mesma, copia dixitalizada da autorización para a representación, conforme ao modelo do Anexo V.

O solicitante ou representante legal deberá posuír un DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital en vigor.

**Unha vez presentada a solicitude e reservados os fondos, a axuda considerarase pre-concedida e poderase proceder á súa execución e, posteriormente, a presentar a solicitude de pagamento.**

### Documentación complementaria solicitude

- [Declaración de outorgamento de representación \(Anexo V\).](#)

### Solicitud de pagamento

Unha vez feita a reserva de fondos e executada a actuación, deberá solicitar o pagamento da axuda enchendo e presentando a través da aplicación informática o Anexo VI de solicitude de pagamento acompañado da seguinte documentación dixitalizada:

- 1º Copia da etiqueta enerxética do electrodoméstico adquirido ou no seu caso, documentación técnica que xustifique que a encimera adquirida é de indución total.
- 2º Copia da factura xustificativa da actuación na que conste o desconto do presente Plan. A factura deberá estar asinada e selada pola entidade colaboradora e polo beneficiario da axuda, coa lenda "pagado" para que quede constancia deste feito. Cando o importe a pagar sexa superior a 1.000 euros terase que xustificar o pagamento conforme ao indicado nas bases.
- 3º Copia do certificado de retirada do electrodoméstico antigo por un xestor autorizado.
- [Modelo de recollida de electrodomésticos por lotes \(Anexo VII\).](#)

4º No caso de consumidores vulnerables deberase aportar copia dunha factura de enerxía eléctrica cunha antigüidade máxima de 3 meses.

### Requisitos de Emenda

Segundo o artigo 18 da convocatoria, calquera notificación realizarase a través de medios electrónicos mediante o sistema de notificación electrónica de Galicia- Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no apartado Notificacións electrónicas.

Este sistema remitirá as persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións a súa conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Todos os trámites administrativos (presentación da solicitude, presentación da documentación requirida...) que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)).

### Acceso á aplicación informática

[Acceso á aplicación de cumprimentación e presentación de solicitudes de adhesión.](#)

### Máis información

Para máis información pode contactar co Inega a través dos teléfonos: 981 541 520 / 981 541 539 / 981 541 510 / 981 957 803.